

Declaración de Innsbruck

1º de xuño de 2012

Descentralización-rexionalización-gobernanza multinivel

-Como norma xeral, a descentralización comporta unha maior efectividade e eficacia, debido á posibilidade de ter en conta as particularidades rexionais, e así tamén o fortalecemento do rendemento económico da rexión. A descentralización de tarefas públicas debe incluír a transferencia das facultades de decisión reais e dos recursos económicos necesarios para iso.

-En calquera caso, a Carta de Autogoberno Local debe cumprirse como requisito mínimo en caso de descentralizacións. Ademais, o Congreso, no marco das súas actividades de monitoreo, usa o Marco de Referencia para a Democracia Rexional como criterio para cualificar a democracia no ámbito rexional. As rexións representadas en Innsbruck exigen que o dito marco de referencia se asegure mellor mediante institucións, sen querer obstaculizar con isto procesos de reforma noutros niveis.

-As rexións deben implementar e executar gran parte dos regulamentos europeos. Se os parlamentos rexionais con poder lexislativo adoptan unha postura en procedementos de comprobación da subsidiariedade, a devandita postura debería ser transmitida tamén directamente á Comisión Europea para que esta perciba e teña en conta os parlamentos rexionais e poida responder ante tal postura.

-A gobernanza multinivel e o principio de subsidiariedade como parte desta redefinen a relación das rexións tanto dentro dos estados membros como no ámbito europeo na Unión Europea e no Consello de Europa. A colaboración cooperativa de todos os actores políticos relevantes aumenta o valor das rexións e fomenta a descentralización(1). Para unha implementación consecuenta do principio de gobernanza multinivel as rexións exigen ser involucradas canto antes nos procesos de formación de opinión e de toma de decisións europeos. Neste contexto, as rexións con poder lexislativo deberían facer uso das posibilidades de participación existentes nos órganos de toma de decisións e nas comisións intergubernamentais relevantes para as rexións.

Crise económica e financeira

-A crise económica e financeira afecta as rexións de Europa de múltiples maneiras. Tamén as cidadás e os cidadáns perciben o seu impacto masivamente. Na loita contra os efectos, as rexións con poder lexislativo están en primeira liña, particularmente, pola súa autoridade orzamentaria e pola súa proximidade ás cidadás e aos cidadáns teñen moita responsabilidade. As rexións vense confrontadas de xeito inmediato cos problemas e as inquietudes das cidadás e dos cidadáns, que tamén requiren o seu apoio e as prestacións da previsión social, da cal as rexións a miúdo teñen a responsabilidade.

-Co gallo da Conferencia de Ministros do Consello de Europa de 2011 en Kiev, as rexións reiteraron a súa disposición de colaboraren na elaboración das medidas necesarias para o saneamento dos orzamentos estatais. Exigen, neste caso tamén, un procedemento

cooperativo por parte dos estados nacionais, da Unión Europea e do Consello de Europa, no sentido do principio de subsidiariedade e da gobernanza multinivel.

-As medidas de aforro necesarias para superar a crise económica e financeira non deben menoscabar a capacidade de investir a longo prazo en investigación e desenvolvemento, educación e cualificación orientadas cara ao futuro ou en proxectos de infraestruturas que implican un valor engadido europeo. Así se crean os requisitos para un crecemento intelixente, sustentable e inclusivo.

Dereitos humanos e estado de dereito

-As rexións con poder lexislativo en Europa, tendo en conta as súas competencias específicas, teñen responsabilidades clave para a concienciación e o fomento dos dereitos humanos no ámbito rexional, particularmente á hora de tomaren decisións en canto a regulamentos que afecten as condicións de vida dos cidadáns.

-A loita contra a corrupción –tamén a nivel rexional e local– é indispensable para garantir a democracia e o estado de dereito. Desde hai décadas, o Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa así como moitas rexións véñense comprometendo masivamente neste eido.

Parlamentos rexionais e control

-Os parlamentos rexionais cumpren unha función importante como órganos de control. En colaboración cos Tribunais de Contas rexionais e os Defensores do Pobo rexionais ou institucións equivalentes, son garantes dunha execución económica e axeitada así como da transparencia e da proximidade ao cidadán e prestan unha contribución esencial para o fortalecemento da democracia no ámbito rexional.

-As rexións representadas en Innsbruck pugnan por que se creen Tribunais de Contas, Defensores do Pobo ou institucións equivalentes para controlar e asesorar a Administración en todas as rexións.

Colaboración rexional transfronteiriza

-Desde hai moito tempo as rexións cooperan a través das súas fronteiras para superar os retos transfronteirizos comúns. Tanto no Consello de Europa (2) como na Unión Europea (3) se crearon normas legais para a cooperación supranacional. As rexións con poder lexislativo exigen aos estados membros do Consello de Europa que ratifiquen o Acordo Marco de Madrid do Consello de Europa así como as súas actas adicionais, e especialmente a Acta núm. 3, relativa ás Agrupacións Eurorrexionais de Cooperación (AEC).

- Se as rexións con poder lexislativo se xuntan para formaren unha Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) ou estruturas interestatais apropiadas, as ditas experiencias poden utilizarse para outras cooperación de ámbito local. O Regulamento AECT da UE aínda lles concede aos estados membros unha posición demasiado forte. A proposta de emenda ao Regulamento AECT actual da Comisión Europea é unha medida importante para facilitar o establecemento da AECT. As rexións con poder lexislativo exhortan as institucións da Unión

Europea a que sigan o rumbo emprendido de forma consecuente involucrando as rexións de Europa e eliminando os obstáculos que seguen a impedir o establecemento da AECT.

-As distintas formas de colaboración transfronteiriza no ámbito local son puntos de partida para o desenvolvemento de estratexias macrorrexionais. Ofrecen a oportunidade de integrar estreitamente estados non comunitarios e mais os seus niveis subnacionais na colaboración transfronteiriza. Nas dúas macrorrexións existentes –Báltico e Danubio– as rexións probaron que están dispostas a e que son quen de prestaren a súa contribución ao desenvolvemento e á implantación de estratexias macrorrexionais.

-As rexións con poder legislativo apelan aos estados membros e á Comisión Europea para que apoiem activamente as cooperación transfronteirizas e as macrorrexións.

Fortalecemento da colaboración entre CDR, Congreso, REGLEG e CALRE

-CALRE e REGLEG representan os intereses das rexións con poder legislativo dentro da Unión Europea. Hai que apoiar todas as aspiracións destinadas a unha colaboración máis estreita da CALRE e da REGLEG. No Comité das rexións (4) e no Congreso de Europa, as rexións con poder legislativo decotío teñen un papel de pioneiras no proceso europeo de rexionalización.

-As rexións representadas na Conferencia de Innsbruck apoian a intensificación da colaboración, a coordinación dos contidos e a representación de intereses comúns no ámbito europeo entre as catro organizacións mencionadas, mais tamén con todas as demais organización rexionais europeas, de cara a un fortalecemento das rexións de Europa.

-
- (1) Xa en 2001, a Comisión Europea publicou o Libro Branco *A gobernanza europea*. No Consello de Europa a gobernanza multinivel puido ancorarse na “axenda en común” aprobada na Conferencia de Ministros de Kiev de 2011. Así mesmo, o Tratado de Lisboa contén congresos importantes para a implementación do dito principio, por exemplo, o recoñecemento explícito da identidade nacional dos estados membros, coa inclusión do autogoberno rexional e local, a nova definición do principio de subsidiariedade, as novas disposicións relativas á previsión social ou a posibilidade de presentar unha demanda por infracción do principio de subsidiariedade polo CDR ou polos parlamentos nacionais.
 - (2) Especialmente a través do Acordo Marco de Madrid e das súas actas adicionais.
 - (3) Especialmente a través do Regulamento AECT (Agrupación Europea de Cooperación Territorial). O proxecto de Marco Financeiro Plurianual de 2014-2020 proposto pola Comisión Europea tamén subliña a importancia da cooperación territorial.
 - (4) Por exemplo, co Grupo Interrexional “Rexións con Poder Legislativo”.